

ASUNTO PLE/2022/00003250V

ACTA NÚM. 3 - SESIÓN ORDINARIA 27 DE XANEIRO DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:02 horas** do día **27 de xaneiro de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro (presente no salón de sesións)
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez (conexión telemática)
Don Gonzalo Muíños Sánchez (presente no salón de sesións)
Dona Marta Abal Rodríguez (conexión telemática)
Don José Manuel Pichel Patiño (conexión telemática)
Don José Javier Fernández Martínez (conexión telemática)
Dona María Esther Pedrosa Carrete (conexión telemática)
Don Rubén Pol Mariño (conexión telemática)

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias (conexión telemática)
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez (conexión telemática)
Don José Antonio Constenla Ramos (conexión telemática)
Don Evaristo Ben Otero (conexión telemática)
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (conexión telemática)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente (conexión telemática)
Dona María Castelao Torres (presente no salón de sesións)

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey (conexión telemática)
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez (conexión telemática)
Dona María Rozas Pérez (presente no salón de sesións)
Don Xan Xesús Duro Fernández (presente no salón de sesións)

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro (conexión telemática).

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2021.**
- 2. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para reordenar a mobilidade e garantir a seguridade viaria no barrio das Fontiñas.**
- 3. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para reprobar a actuación do grupo de goberno sobre as obras de Concheiros.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para convocar residencias artísticas sobre Rosalía de Castro.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a implantación da tarxeta cidadá municipal de Santiago.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a posta en marcha dun plan de apoio e asesoramento para a continuidade comercial.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a mellora da información e asesoramento á veciñanza sobre o consumo eléctrico.**
- 8. Dar conta da elevación á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público.**
- 9. Dar conta de resolución de prórroga do orzamento do ano 2021 para o presente exercicio.**
- 10. Dar conta de resolución da alcaldía de delegación de funcións na primeira tenente de alcalde.**
- 11. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
- 12. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Interpelación:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a demora na execución das obras de reparación e consolidación da Ponte de Vidán.**

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal de CA para a reparación do muro que rodea o cemiterio de Boisaca.**
- 2.- Presentado polo grupo municipal do PP para mellorar a sinalización informativa do novo aparcamento de Conxo.**
- 3.- Presentado polo grupo municipal do BNG para mellorar a contorna do carballo de Conxo.**
- 4.- Presentado polo grupo municipal do PP para a reposición da protección do acceso ao aparcamento da Praza Roxa desde República do Salvador.**
- 5.- Presentado polo grupo municipal do BNG para realizar unha nova convocatoria de hortas urbanas e xornadas formativas de acompañamento a este labor.**

6.- Presentado polo BNG para elaborar un plan de adecuación dos vestiarios nas dependencias deportivas.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o grao de execución das axudas a actividades culturais para profesionais e asociacións.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a caída e perda correo electrónico municipal.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a consulta preliminar ao mercado orientada ao futuro contrato do ciclo integral da auga.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o uso alleo de vehículos adscritos ao servizo público.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a falta de medidas e alternativas para a convocatoria do proceso selectivo de traballadores e traballadoras sociais.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o convenio colectivo a empresa concesionaria do SAF.
- 7.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación dos traballadores da liña 6 ao aeroporto.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o servizo de correo electrónico no concello.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación ás cabinas telefónicas retiradas no período 2020-2021.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as contratacións con cargo á financiación do proxecto Smartiagio.

13. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada polo BNG para a mellora da mobilidade, da seguranza viaria e da reurbanización do barrio de Salgueiriños.
- 2.- Presentada polo BNG para fomentar o uso da lingua galega na administración local.
- 3.- Presentada polo BNG para designar co nome de Luz Fandiño a praciña da Ponte do Sar e celebrar o 8 de marzo.
- 4.- Presentada polo PP sobre a realización dun programa de reparación e posta a punto dos parques infantís.
- 5.- Presentada por CA para reprobar ao SERGAS por causa da desatención ás persoas pacientes no Hospital Psiquiátrico de Conxo.
- 6.- Presentada por CA para impulsar a colaboración institucional entre o Consello e a Xunta para resolver os problemas derivados das obras dos camiños de Santiago en Conxo e na Avda. de Lugo.
- 7.- Presentada por CA pola paz e os dereitos humanos en Colombia e para reclamar todas as garantías democráticas nas próximas eleccións presidenciais.
- 8.- Presentada por CA en defensa da sanidade pública galega e para a reprobación á xerencia sanitaria da área de Santiago.

En primeiro lugar gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Foi retirada polo grupo municipal de CA a moción que figuraba como número 7 na orde do día da sesión.

Preséntase dúas mocións de urxencia, para ser incluídas na presente sesión:

Moción de urxencia presentada polos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego sobre a determinación da forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga, e tras ser sometida a votación a súa declaración de urxencia, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, declara a urxencia da devandita moción.

Moción de urxencia conxunta de todos os grupos políticos municipais para deixar constancia do apoio ao grupo musical Tanxugueiras, que é declarada urxente por unanimidade de todos e todas os/as concelleiros/as.

Moción de urxencia dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego sobre a determinación da forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga.

Moción de urxencia conxunta para deixar constancia do apoio ao grupo musical Tanxugueiras.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2021.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2021, acta número 19/2021.

2. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA REORDENAR A MOBILIDADE E GARANTIR A SEGURIDADE VIARIA NO BARRIO DAS FONTIÑAS.

Foi presentada con data 18 de xaneiro do corrente ano, a proposición que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo do acordo é procurar solucións para articular mellor a intersección das rúas Lisboa e Dublín coa rúa de Londres, e polo tanto mellorar a seguridade viaria e a mobilidade no barrio das Fontiñas, moi afectadas pola nova configuración do tráfico derivada das obras de mellora do Camiño Francés na súa entrada polos Concheiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As obras de mellora e integración paisaxística da entrada do Camiño Francés, executadas pola Xunta de Galicia, transformaron a rotonda dos Concheiros nunha gran praza na que deberán convivir o tránsito peonil e o tránsito rodado. Esta nova configuración veu acompañada da execución de dúas novas glorietas co obxectivo de favorecer o acceso ao barrio de Fontiñas unha vez desaparecido o nó de Concheiros tal e como o coñeciamos: unha no cruce da rúa Londres, pensada para favorecer a mobilidade cara un ámbito no que se atopan importantes equipamentos como o centro

de saúde ou o IES Antón Fraguas; e outra no cruce do Conservatorio de Música e a xa desaparecida estación de autobuses, e onde se situaran os novos edificios administrativos da Xunta de Galicia.

Así pois, a nova configuración do entronque das rúas Concheiros, Rodríguez de Viguri, Berlín e Fonte dos Concheiros xera forzosamente novas dinámicas de fluxo de tráfico que é preciso avaliar para garantir unha mobilidade fluída, xa non na avenida de Lugo, senón na súa contorna, nomeadamente no barrio das Fontiñas.

A Rúa de Berlín era a principal vía de entrada e saída de vehículos entre o polígono das Fontiñas e as avenidas de Lugo e Rodríguez de Viguri e, de feito, así foi concibida durante a planificación urbanística do barrio. Agora, a maior parte do tráfico que soportaba este viario canalízase na nova rotonda situada a altura do número 239 da avenida de Lugo, comunicando coa rúa Londres. Ao tempo que aumentou tamén a circulación, como vía alternativa de acceso ás Fontiñas, na baixada da rúa de Lisboa desde a rotonda das Cancelas ou da rúa do Valiño.

Estes fluxos de circulación ameazan con converter a confluencia das rúas Lisboa e Dublín coa rúa de Londres nun punto conflitivo, posto que ese cruce non foi deseñado para o volume de tráfico que vai ter que soportar agora como un dos novos puntos habituais de entrada e saída do barrio. Ademais, os vehículos que procedan ou se dirixan cara a avenida de Lugo sumaranse ao tráfico que xa xeran os importantes equipamentos que se localizan na rúa Londres como son o Centro de Saúde de Fontiñas ou o IES Antón Fraguas; e aos que discorren cara ao Multiusos do Sar.

Actualmente, o cruce das rúas Lisboa e Dublín coa rúa de Londres está regulado por cadanseu sinal de STOP na rúa Lisboa e na rúa Dublín, unha solución que semella insuficiente para atender un punto no que hai ata 12 xiros posibles e no que xa se está a intensificar o tráfico, como demostran as frecuentes retencións na zona. Esta situación non só orixinará problemas de mobilidade, senón que semella que se poden dar situacións perigosas polo trezado de automóviles realizando maniobras de cruce, xusto ás portas do IES Antón Fraguas.

Diante desa situación, o Goberno local debe actuar con urxencia sobre este punto. A construción dunha rotonda, similar á do cruzamento entre a propia rúa de Londres coa rúa de Madrid, á altura do cruce das rúas Lisboa e Dublín coa rúa de Londres semella ser unha boa solución para mellorar a fluidez do tráfico ao tempo que se garante a seguridade dos peóns e dos vehículos e ocupantes. Unha rotonda de similares tamaños e condicións que ademais é unha solución de ordenación do tráfico que xa é usada no barrio -na mesma rúa- e polo tanto ten a vantaxe de ser un elemento co que xa están familiarizados os vehículos que son usuarios habituais dese vial

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao Goberno local a garantir a seguridade e a fluidez do tráfico na confluencia das rúas Lisboa e Dublín con Londres, no barrio das Fontiñas, a través da construción dunha rotonda que solucione a problemática do actual cruce regulado unicamente con sinais de Stop ou da solución que os técnicos consideren máis acaída para o ámbito.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao Goberno local a garantir a seguridade e a fluidez do tráfico na confluencia das rúas Lisboa e Dublín con Londres, no barrio das Fontiñas, a través da construción dunha rotonda que solucione a problemática do actual cruce regulado unicamente con sinais de Stop ou da solución que os técnicos consideren máis acaída para o ámbito.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA REPROBAR A ACTUACIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE AS OBRAS DE CONCHEIROS.

Con data 18 de xaneiro do corrente ano, presentouse a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para reprobación a actuación do grupo de Goberno respecto da planificación, xestión da información, participación e cumprimento de prazos nas obras dos Concheiros, de maneira moi especial do concelleiro de Obras, e para reclamar que se asuman as responsabilidades políticas que se derivan deste comportamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois das últimas informacións sobre o desastre e os novos atrasos das obras dos Concheiros, unha obra que o alcalde inicialmente anunciara que esperaba que estivese para a Semana Santa de 2021 e que rematará, polo menos, un ano despois desa data, cómpre reprobación a actuación do Goberno local, que debe asumir responsabilidades políticas tanto pola nefasta xestión como polo engano e as continuas contradicións na información pública que se trasladou sobre esta obra.

Existe a necesidade de que o Pleno da Corporación avalíe o acontecido coas obras dos Concheiros e de pedir que se asuman responsabilidades políticas pola falta de planificación, o atraso, a falta de participación e a información contraditoria e fraudulenta nas obras dos Concheiros.

Sinálense algunhas das datas claves neste asunto:

1. O Goberno anterior presentou en 2017 un plan de arranxos provisionais na zona dos Concheiros á espera da chegada do Plan de intervención da Xunta para as entradas dos camiños. Naquela altura, a previsión era que as obras nos dous tramos, tanto o interior da rúa dos Concheiros e San Pedro como o que atravesa a Avenida de Lugo e vai desde a saída de atrás da antiga estación de autobuses en Rodríguez de Viguri á Cruz Vermella, estivesen executadas no ano 2020, antes do que logo sería o “primeiro” ano Xacobeo. De aí que, unha vez que se iniciaron os atrasos, o BNG defendese que non era o momento de iniciar estas obras cando se viu que xa se ían rematar ben entrado 2021. E nin sequera esa previsión se cumpriu.

2. Xaneiro de 2020

Cofecidas as diferenzas cunha obra que unha parte da veciñanza ve como proxectada co centro posto nas persoas que nos visitan e non nas que viven no barrio, e tras a renuncia da Xunta a executar esa parte da obra e dedicarse só á da Avenida

de Lugo, o Concello decide facerse cargo da execución da obra. Comprométese a ter en conta as peticións veciñais e realizar as modificacións do proxecto que se xulguen relevantes por parte da veciñanza.

3. Marzo de 2020

Co inicio do proceso de adxudicación, o 9 de marzo de 2020, o alcalde anuncia que a obra debera estar rematada na Semana Santa de 2021.

4. Setembro de 2020

No momento da adxudicación, o 21 de setembro de 2020, o alcalde indica que a previsión é que a obra "esteira concluída antes do Apóstolo de 2021, entre xuño e xullo".

5. Marzo de 2021

A aparición dunha liña eléctrica en medio da rúa dos Concheiros provocou a prórroga dun mes no prazo de execución das obras, que se o alcalde sinala que se estenderán até finais de setembro.

Pola súa parte, o concelleiro de Obras asegurou que o proxecto "avanza a bo ritmo" e que se lle concedeu esta prórroga dun mes na execución á empresa concesionaria tras xurdiren dous imprevistos, a aparición dunha liña de media tensión e a renovación integral da rede de saneamento e pluviais, que inicialmente nos estaba prevista. O concelleiro de Obras afirmou que o Concello concedeu a ampliación porque o considerou "xusto".

6. Agosto de 2021

Novo axuste de prazos polo cambio de pluviais e novo cronograma de actuación, con queixas cada vez máis acentuadas da veciñanza, entre as que salientamos as perdas económicas, estimadas nun 50%, e os locais tiveron que pechar. Arranca a fase do formigonado nas obras de Concheiros. O alcalde manexa a data do 10 de setembro para que a circulación se poida normalizar.

8. Setembro de 2021

O concelleiro de Obras di que non hai atrasos nas obras dos Concheiros. Apróbase unha proposición do BNG para dotar un plan de axuda para o Barrio.

9. Outubro de 2021

San Pedro échese de cartaces co lema "Fartas das Obras dos Concheiros" mentres que o edil de Obras sinala que a rúa dos Concheiros abrirá ao tráfico o próximo mes de novembro, mais recoñece que "non todo" estará concluído a tempo. Xustamente a comezos de novembro, diferentes asociacións veciñais piden o cesamento do concelleiro de Obras.

A veciñanza estoupou diante do comportamento da empresa que corta rúas e cerra o paso de establecementos sen aviso previo, abre gabias e logo péchaas e volve abrilas. Quéixanse tamén das mentiras do goberno.

10. Novembro de 2021

Admítese a solicitude de prórroga do prazo de execución das obras e a empresa ten até o 23 de decembro para completar o proxecto. Aínda que o informe técnico tras o expediente presentado pola empresa acorda fixar o final do prazo o 23 de decembro, a dirección facultativa da obra considera que será necesario até o 22 de xaneiro. O alcalde non descarta as sancións se as obras de Concheiros non rematan o 23 de

decembro, cando era perfectamente sabedor de que era imposíbel cumprir con ese prazo. Máis tarde di que é mellor non instruír ningún expediente para non paralizar as obras. A veciñanza, comerciantes e hostaleiros protestan cunha cazolada contra o atraso nas obras.

11. Decembro de 2021

Entrega de 535 sinaturas no Rexistro municipal, por parte da veciñanza do Barrio de San Pedro en relación á obra de remodelación da rúa dos Concheiros.

O comercio de Concheiros protesta con velas polo seu segundo Nadal en obras.

12. Xaneiro de 2021

O concelleiro de Obras fai unha rolda de prensa onde afirma que xa está iniciado o proceso sancionador á empresa -contradicindo o alcalde- mais, ao remate da rolda, chama de novo aos medios e di que se expresou mal e o único que hai é un requirimento. En realidade, a Xunta de Goberno local non tomou ningunha medida desde que o 23 de decembro rematase o prazo.

O alcalde dá conta dunha nova petición de prórroga por parte da empresa, que levaría os seus traballos até finais de marzo.

Despois de varias propostas do BNG no pleno (entre as que están as proposicións de febreiro de 2020, setembro de 2021 e decembro de 2021) e diferentes iniciativas da oposición, despois de conversas con veciñanza e asociacións, o tiña que facer o concelleiro de Obras era pedir desculpas, abandonando a actitude triunfalista de estar a facelo todo ben.

Evidentemente entendemos que é positiva a proposta dos Bonos Corazón para a zona afectada -lembramos que foi o BNG o que levou ao Pleno no mes de setembro unha iniciativa para solicitar un plan especial de recuperación do comercio e hostalaría da zona, plan co que inicialmente o PSOE non estivo de acordo-, mais esa actuación non pode ser unha cortina de fume para ocultar a incapacidade de xestión e o atraso nas obras.

Por todo isto, propoñemos ao pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Repróbase a actuación do grupo de Goberno respecto da planificación, xestión da información, participación da veciñanza e cumprimento de prazos nas obras dos Concheiros, de maneira moi especial do concelleiro de Obras, e reclámase que se asuman as responsabilidades políticas que se derivan deste comportamento.”

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, acorda reprobar a actuación do grupo de Goberno respecto da planificación, xestión da información, participación da veciñanza e cumprimento de prazos nas obras dos Concheiros, de maneira moi especial do concelleiro de Obras, e reclama que se asuman as responsabilidades políticas que se derivan deste comportamento.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONVOCAR RESIDENCIAS ARTÍSTICAS SOBRE ROSALÍA DE CASTRO.

Con data 18 de xaneiro do corrente ano, foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para mudar a data do Día de Rosalía de Castro para o 23 de febreiro, tal e como defenden a AELG e a Fundación Rosalía de Castro, despois das últimas descubertas sobre a data de nacemento da nosa autora, e para organizar un programa de intercambio de residencias artísticas en Santiago de Compostela para estimular a creatividade sobre a escritora galega máis universal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG) e a Fundación Rosalía de Castro nesta ocasión convocan a celebración do Día de Rosalía de Castro o 23 de febreiro, logo de que se atopase nova documentación que certifica esa data do seu nacemento en 1837 en vez do día 24 que era cando se conmemoraba a efeméride. Deste xeito, o Concello de Santiago tamén deberá desprazar as actividades previstas para esa data.

Nesta edición, o BNG propón a convocatoria de residencias artísticas sobre Rosalía de Castro en Santiago de Compostela, co obxectivo de dispor dun espazo para a produción destinado a atraer artistas (de artes pictóricas, do audiovisual, do mundo da música, da creación literaria...) doutros lugares para divulgar o coñecemento da súa obra, ademais de impulsar a dotación de recursos, espazos e sinerxías con artistas e escritores/a locais para estimular a creatividade sobre a literatura, o pensamento e a acción da nosa escritora máis universal.

Estas estancias que se propoñen poden ser a xeito de intercambio, coa colaboración doutros lugares en que se organiza este modelo de programa, para favorecer o fluxo cultural das persoas creadoras compostelás ao mesmo tempo e con reciprocidade.

De se habilitaren espazos públicos, como murais, para que deixen o seu legado, Santiago de Compostela pode enriquecerse de obras dedicadas a Rosalía de Castro de persoas artistas destacadas e emerxentes de distinta procedencia. Para iso, é necesario dispor dun servizo de acompañamento para brindar o apoio necesario no proceso de investigación, creación, produción e exhibición das obras. En todo caso, o resultado final das intervencións difundirase publicamente.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago mudará a data do Día de Rosalía de Castro para o 23 de febreiro e organizará un programa de intercambio de residencias artísticas para estimular a creatividade sobre a escritora galega máis universal e o resultado final das intervencións difundirase publicamente.”

Á anterior proposición presentaron emendas os grupos municipais do Partido Popular e de Compostela Aberta, ás que presentou transaccional o grupo municipal do BNG, e tras ser aceptada está última.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos

concelleiros/as do grupo municipal Socialista, acorda que o concello mude a data do Día de Rosalía de Castro para o 23 de febreiro e organice, conxuntamente con outras institucións públicas ou privadas, un programa de residencias artísticas co obxectivo de acadar novas lecturas que afonden na rica diversidade da obra rosaliana. As residencias proxectaranse nos contextos do Estado español e internacional en que tamén deberán proxectarse os resultados das accións en residencia arredor da escritora galega máis universal.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A IMPLANTACIÓN DA TARXETA CIDADÁ MUNICIPAL DE SANTIAGO.

A proposición do epígrafe presentada con data 18 de xaneiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo do acordo é impulsar a implantación dunha tarxeta cidadá en Santiago de Compostela que facilite a relación da cidadanía coa administración local a través da simplificación de trámites e da racionalización e unificación do tratamento de datos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Santiago avanzou nos últimos anos na implantación da Administración electrónica, procurando unha xestión dos trámites municipais máis eficiente e coordinada entre os diferentes servizos municipais, así como a dixitalización da maior parte dos procesos. Coa tecnoloxía que permite a interconexión dos sistemas, da información e unha mellor coordinación dos departamentos municipais, a administración local conta agora coas ferramentas precisas para estudar a creación dunha tarxeta cidadá, que poida funcionar como ferramenta para acceder aos servizos municipais, como xa existe noutros concellos dende hai tempo.

O obxectivo das tarxetas cidadás é simplificar a relación cotiá da cidadanía coa administración local e cos seus diferentes departamentos e servizos. Con esta ferramenta, de carácter unipersoal, facilitaríase o acceso das persoas empadroadas aos servizos municipais e o pagamento daqueles que non son gratuítos, como poden ser o transporte urbano ou o uso das instalacións deportivas. Cunha única tarxeta, que debe ser gratuíta e de uso tanto físico como virtual, as persoas titulares poderían cargar os bonobús do transporte público, pagar o ticket da ORA ou dos estacionamentos de xestión municipal, reservar billetes ou mesmo o abono do Auditorio de Galicia ou do Teatro Principal, reservar e acceder ás instalacións deportivas municipais ou ás actividades con reserva de praza da rede de Centros Socioculturais, ou consultar e acceder á administración electrónica e á carpeta cidadá para xestionar os datos ou peticións relacionadas co padrón, coas multas, cos tributos ou co pagamento das diferentes taxas.

A tarxeta cidadá permitiría mesmo habilitar descontos diferenciados no pagamento dos servizos non gratuítos en función da renda e situación socioeconómica das familias, a través dunha ordenanza, de xeito fácil e sen a farragosa burocracia. Esta simplificación de trámites non só sería moi útil para a cidadanía, senón que tamén tería moitas vantaxes para a propia xestión administrativa interna do Concello, posto que simplificaría trámites e unificaría a información que actualmente pode estar tratada de forma independente entre distintos departamentos aínda sendo datos e peticións

similares. Deste xeito, a medio prazo, a tarxeta suporía tamén un aforro de custos para a propia administración pública.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de goberno a estudar a posibilidade de implantación dunha tarxeta cidadá de ámbito local en Santiago de Compostela que facilite o acceso aos servizos municipais de todo tipo e, en xeral, a relación da cidadanía coa administración local a través da simplificación de trámites e da racionalización e unificación do tratamento de datos.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a estudar a posibilidade de implantación dunha tarxeta cidadá de ámbito local en Santiago de Compostela que facilite o acceso aos servizos municipais de todo tipo e, en xeral, a relación da cidadanía coa administración local a través da simplificación de trámites e da racionalización e unificación do tratamento de datos.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE APOIO E ASESORAMENTO PARA A CONTINUIDADE COMERCIAL.

Con data 18 de xaneiro do corrente ano, foi presentada a proposición que se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios anos asistimos a unha tendencia continuada de peches de locais comerciais de distintos sectores, moitos deles orixinados, non tanto pola falta de rendibilidade, como polas circunstancias persoais dos seus titulares, entre elas as derivadas da falta dun relevo xeracional que normalmente trae como resultado o cese da actividade e o peche do local ou -con menor frecuencia- a apertura dun novo negocio, que a miúdo non contribúe a manter unha desexable pluralidade comercial que satisfaga as necesidades das persoas residentes.

Recentemente tivemos noticia de varios destes casos na nosa cidade con negocios que seguen unha senda de extinción que antes marcaron decenas de tendas de ultramarinos, librerías, mercerías, locais de hostalería e doutras moitas actividades, cunha historia de varias décadas, que pecharon as súas portas sen que tiveran un apoio ou un incentivo municipal para lograr a súa continuidade.

Para tratar de paliar esta situación, desde o Grupo Popular propoñemos que o Concello poña en marcha un plan orientado a favorecer os procesos de cambio e de continuidade de comercios viables. A iniciativa pasaría por identificar aqueles establecementos susceptibles de iniciar procesos de relevo xeracional e transmisión, para a partir de aí deseñar medidas de información -na procura de interesados-, e de asesoramento e apoio técnico e económico, para chegar a formalizar un contrato que

garanta a supervivencia da actividade.

O obxectivo sería converter o peche dun negocio nunha oportunidade para unha persoa emprendedora, facilitando o traspaso para tratar de garantir a continuidade do tecido comercial e mesmo hostaleiro da cidade.

Con ese fin, o apoio sería en dúas direccións: por unha parte, cara aos donos dos establecementos abocados ao cese, á hora de elaborar o diagnóstico de viabilidade, o plan de cesión ou peche do acordo; e por outra parte, cara ás persoas emprendedoras que poidan estar interesadas en manter o establecemento, coa análise das oportunidades de negocio, a orientación dos pasos para a transmisión e as posibles expectativas para a mellora e modernización da concreta actividade comercial. Tamén se podería contemplar como unha liña de apoio a posibilidade de lograr un consenso para que o empresario cedente e o novo emprendedor poidan convivir durante un tempo á fronte do negocio, como unha forma de intercambio de experiencias e coñecementos -entre eles, un primordial referido á fidelización da clientela habitual do negocio- que podería fortalecer o éxito do proceso.

A través deste programa de información, asesoramento e acompañamento, os propietarios poderían asegurar a continuidade dun negocio, ao que dedicaron boa parte da súa vida, e os aspirantes ao relevo iniciar unha actividade económica coas maiores garantías para manter e mellorar a rendibilidade, coas vantaxes que iso comporta para fortalecer o tecido económico e social, contribuíndo a preservar tamén a riqueza ambiental e urbanística da cidade.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a que poña en marcha un programa de información, asesoramento e acompañamento técnico e económico, destinado a facilitar a continuidade dos establecementos comerciais susceptibles de iniciar procesos de relevo xeracional e transmisión, tratando de garantir a supervivencia da actividade.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno a que poña en marcha un programa de información, asesoramento e acompañamento técnico e económico, destinado a facilitar a continuidade dos establecementos comerciais susceptibles de iniciar procesos de relevo xeracional e transmisión, tratando de garantir a supervivencia da actividade.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A MELLORA DA INFORMACIÓN E ASESORAMENTO Á VECIÑANZA SOBRE O CONSUMO ELÉCTRICO.

A proposición do epígrafe presentada con data 18 de xaneiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico

Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A continuada escalada de prezos da enerxía eléctrica e a súa plasmación no consumo doméstico está a xerar moitas queixas e dúbidas por parte da cidadanía, non só no tocante á interpretación das facturas que reciben (ou os motivos das que tardan en recibir), senón tamén nas posibilidades ao seu alcance para minorar os consumos, as opcións para adaptar o contrato ás súas necesidades, coa escolla entre as distintas modalidades e ofertas dun servizo esencial.

O ano 2021 pechou como o peor no relativo ao prezo medio diario do mercado maiorista con 111,9 megavatios/hora (MWh) -o triplo que a media de 2020, que foi de 33,9 MWh- chegando a acadar o máximo histórico o pasado 23 de decembro sobrepasando os 383 euros/MWh. Este incremento continuado tivo, lóxicamente, o seu correlato no consumo dos fogares. Así, segundo as estimacións da Organización de Consumidores de España (OCU) a factura total dun consumidor medio situouse o ano que acaba de rematar nuns 949 euros, o que supón un incremento dun 41% do custo medio do 2020 (675 euros).

Certamente, non se trata de cargar toda a responsabilidade desta situación sobre o Goberno actual –a diferenza do acontecido no pasado- porque non se pode ocultar que a alza dos prezos da enerxía eléctrica en España e en Europa garda unha estreita relación coa subida dos prezos do gas natural (que intervéñen nos procesos de coxeración ou ciclo combinado) e cos dereitos de emisión de CO₂. Pero tampouco se pode esquecer que, a pesar da adopción de medidas de moi distinta consideración no marco estatal (algunhas con resultados efectivos, aínda que insuficientes e mesmo temporais, como a rebaixa de impostos, suspensión de gravames ou de custos de financiación das renovables; outras que achegaron máis confusión, como as recomendación de usos horarios nos consumos domésticos), o certo é que o subministro eléctrico e o seu elevado custo, continúa a ser un problema de primeira orde para o conxunto da cidadanía.

Conscientes da importancia desta cuestión, as administracións públicas comezaron a implementar iniciativas para tratar de contribuír, na medida das súas competencias e posibilidades, a aminorar o impacto da factura eléctrica nas economías familiares. Así, a Xunta de Galicia puxo en marcha o ano pasado unha campaña informativa sobre a nova tarifa eléctrica en distintos concellos da Comunidade, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC).

Con este fin, a Administración autonómica estableceu convenios de colaboración con asociacións de consumidores e usuarios para habilitar puntos de información gratuíta nas súas instalacións, procurando a coordinación para este fin coas 90 oficinas de municipais de información ao consumidor (OMIC) existentes en Galicia, ás que entre outras actividades se lle ofertaron charlas informativas.

No Concello de Santiago, a pesar de dispoñer dunha desas OMIC, non consta que se realizara ningunha desas charlas nin ningún tipo de actividade relacionada coa información e asesoramento nun tema de tanta transcendencia e repercusión para a veciñanza como é a tarifa e o recibo eléctrico. Cabe supoñer que esa falta de actividade municipal está directamente relacionada co peche que desde hai varios meses se mantén nesta oficina municipal de información ao consumidor, remitindo calquera asunto relacionado con ela ao teléfono e aos enderezos do servizo

autonómico.

Resulta inaudita a permanencia no tempo desta situación e a pasividade que mostra o Goberno local para resolver este peche, sobre todo nuns intres nos que outros concellos están a desenvolver estratexias de colaboración coa veciñanza tendentes a informar e asesorar en todo o relativo aos dereitos no subministro, facturación, formas de contratación da enerxía eléctrica, a través de iniciativas propias ou ben en colaboración e coordinación con outras instancias.

Á vista de canto antecede, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración e aprobación, se procede, o seguinte

ACORDO:

O Pleno Municipal insta ao Goberno local a:

1. Realizar as xestións oportunas para volver a poñer en servizo canto antes a Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC).
2. Impulsar a coordinación e a colaboración coa Xunta de Galicia co fin de aproveitar as medidas e campañas que realiza, como a que vén desenvolvendo en relación coa tarifa eléctrica.
3. Valorar a posibilidade de reforzar o servizo municipal da OMIC de forma puntual, mediante a contratación externa, para a realización dunha campaña intensiva de información e asesoramento sobre os dereitos e posibilidades da veciñanza para a contratación, subministro, facturación e aforro no consumo de enerxía eléctrica.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, acorda instar ao Goberno local a:

1. Realizar as xestións oportunas para volver a poñer en servizo canto antes a Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC).
2. Impulsar a coordinación e a colaboración coa Xunta de Galicia co fin de aproveitar as medidas e campañas que realiza, como a que vén desenvolvendo en relación coa tarifa eléctrica.
3. Valorar a posibilidade de reforzar o servizo municipal da OMIC de forma puntual, mediante a contratación externa, para a realización dunha campaña intensiva de información e asesoramento sobre os dereitos e posibilidades da veciñanza para a contratación, subministro, facturación e aforro no consumo de enerxía eléctrica.

Interrómpese a sesión ás 12:22 horas e volve a retomarse ás 12:43 horas.

8. DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 0.00 XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO.

A proposta da concelleira delegada da área de facenda en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“O acordo de aprobación provisional do expediente 2021/00049303A de modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección de tributos locais e outros ingresos de dereito público local foi adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 25 de novembro de 2021, e publicado no BOP da Coruña de 26 de novembro de 2021.

A Tesourería emitiu informe o 14/1/2022 en relación co citado expediente no que pon de manifesto que:

“No trámite de exposición ao público da aprobación provisional do citado expediente, de acordo co certificado do Vicesecretario, non constan reclamacións presentadas polo que, en aplicación do artigo 17.3 in fine do TRFL, debe entenderse elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario, procedendo á publicación do texto modificado para a súa posterior entrada en vigor.”

O citado informe di tamén que:

“En cumprimento do disposto no artigo 17 do TRFL:

- 1.- O acordo de aprobación provisional do expediente 2021/00049303A de modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección de tributos locais e outros ingresos de dereito público local debe entenderse elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.
- 2.- O texto modificado da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección de tributos locais e outros ingresos de dereito público local modificada deberá publicarse no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP antes da súa entrada en vigor”.

Tendo en conta o citado informe, considerase que o acordo de aprobación provisional do expediente 2021/00049303A de modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección de tributos locais e outros ingresos de dereito público local debe entenderse elevado a definitivo.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, e tendo en conta o previsto no artigo 92 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, propónse ao Pleno que tome coñecemento da elevación á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público aprobada inicialmente na sesión plenaria do día 25 de novembro de 2021.”

O Pleno da Corporación toma coñecemento da elevación á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público aprobada inicialmente na sesión plenaria do día 25 de novembro de 2021.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO DO ANO 2021 PARA O PRESENTE EXERCICIO.

Dáse conta ao Pleno da resolución da concelleira delegada de facenda, número 2021/12673 de data 29 de decembro de 2021, de prórroga do orzamento do concello do ano 2021 para o presente exercicio.

Así mesmo, tamén se da conta da resolución da presidencia do organismo autónomo Auditorio de Galicia, de prórroga do orzamento do ano 2021 para o presente exercicio.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE FUNCÍONS NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE.

Dáse conta ao Pleno da resolución da alcaldía de data 18 de xaneiro do corrente ano, de delegación na Primeira Tenente de Alcalde, das atribucións da alcaldía dos días 19 ao 21 de xaneiro do corrente ano, ambos inclusive.

11. DAR CONTA DE RESOLUCÍONS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o 10 de decembro de 2021 ao 13 de xaneiro de 2022.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2021/00052767V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 23 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00053151X

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 24 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00053932D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00053867J

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00054382E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00055003E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 2 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00055167W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 3 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00055187E

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00055900E

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00056386W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00057352W

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00057667H

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2021, ás 14:00 h.

ASUNTO XGL/2021/00058622F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 23 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00058633H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00059437V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00059765T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2021, ás 10:00 h.

ASUNTO XGL/2021/00059564Y

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2021, ás 14:45 h.

ASUNTO XGL/2021/00060109E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 31 de decembro de 2021.

12. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a demora na execución das obras de reparación e consolidación da Ponte de Vidán.

Rogos:

1.- Presentado polo grupo municipal de CA para a reparación do muro que rodea o cemiterio de Boisaca.

2.- Presentado polo grupo municipal do PP para mellorar a sinalización informativa do novo aparcamento de Conxo.

3.- Presentado polo grupo municipal do BNG para mellorar a contorna do carballo de Conxo.

4.- Presentado polo grupo municipal do PP para a reposición da protección do acceso ao aparcamento da Praza Roxa desde República do Salvador.

5.- Presentado polo grupo municipal do BNG para realizar unha nova convocatoria de hortas urbanas e xornadas formativas de acompañamento a este labor.

6.- Presentado polo BNG para elaborar un plan de adecuación dos vestiarios nas dependencias deportivas.

Preguntas resposta oral:

1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o grao de execución das axudas a actividades culturais para profesionais e asociacións.

2.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a caída e perda correo electrónico municipal.

3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a consulta preliminar ao mercado orientada ao futuro contrato do ciclo integral da auga.

4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o uso alleo de vehículos adscritos ao servizo público.

5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a falta de medidas e alternativas para a convocatoria do proceso selectivo de traballadores e traballadoras sociais.

6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o convenio colectivo a empresa concesionaria do SAF.

7.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación dos traballadores da liña 6 ao aeroporto.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o servizo de correo electrónico no concello.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación ás cabinas telefónicas retiradas no período 2020-2021.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as contratacións con cargo á financiación do proxecto Smartiago.

Faise un descanso cando son as 14:11 horas e volve a retomarse a sesión ás 16:00 horas.

13. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas polos grupos políticos municipais son as que a seguir se transcriben:

“MOCIÓN PARA A MELLORA DA MOBILIDADE, DA SEGURANZA VIARIA E DA REURBANIZACIÓN DO BARRIO DE SALGUEIRIÑOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para realizar unha intervención para a mellora da mobilidade, da seguranza viaria e da reurbanización do barrio de Salgueiriños.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno de febreiro de 2021, o BNG xa reclamou unha intervención para mellorar a estética urbana e a seguranza viaria no barrio de Salgueiriños, onde existen dúas parcelas de titularidade municipal que moitas persoas empregan a diario como zona de paso. Neste caso, demandábase o arranxo dun treito que está rodeado de gardarraís e que, cun pequeno rebaixe do terreo, poderían facerse beirarrúas para ampliar as da avenida do Cruceiro da Coruña e darlle continuidade á senda peonil que chega desde o parque da Ponte Mantible e Parque dos Irmandiños.

De feito, o barrio de Salgueiriños require dunha actuación de reurbanización máis ampla posto que alí residen milleiros de persoas que non dispoñen de zonas continuadas para o paseo, ao estar interrompido o tránsito peonil con constantes barreiras arquitectónicas e obstáculos que non permiten a accesibilidade. Ademais, conta con edificios de servizos públicos que congregan persoas doutras zonas de Santiago de Compostela e da súa comarca como o da Axencia Tributaria, a Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias (UMAD), a Casa das Asociacións de Benestar Social (CABES) ou o CEGADI.

Outro dos aspectos a mellorar é o espazo reservado para o parque de bombeiros, onde existe unha torre que supón un atranco visual, estético e de seguranza desde que en 2008 se ordenou a paralización desta obra. Cómpre lembrar que nos Orzamentos municipais de 2022 están consignados 520.000 euros para a constitución do novo parque de bombeiros, de aí que sexa o momento de adecuar a contorna desta superficie e de realizar un plan de mobilidade para garantir a compatibilidade de accesos destes vehículos de emerxencias cos usos da veciñanza e dos servizos públicos asentados neste ámbito.

Outra zona pendente de arranxar, que xa o BNG reclamou un diversas ocasións, é a escaleira que une Salgueiriños de Arriba e Salgueiriños de Abaixo, que acaba nun

desnivel cuberto por vexetación cun carreiro que se enche de lama cando chove.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela realizará unha intervención para a mellora da mobilidade, da seguranza viaria e da reurbanización do barrio de Salgueiriños, co fin de ofrecer unha continuidade nas zonas de tránsito peonil e de compatibilizar os usos da veciñanza cos accesos aos vehículos de emerxencias do futuro parque de bombeiros.

MOCIÓN PARA FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para fomentar o uso da lingua galega na administración local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo municipal do BNG está a recibir constantes queixas da veciñanza de Santiago sobre o incumprimento do regulamento do uso do galego na comunicación da Administración local, tanto no relativo á atención telefónica como presencial, por parte de persoal municipal como de empresas concesionarias de servizos que non o usan na interlocución coa cidadanía. De feito, rexistrou unha pregunta por escrito no mes de novembro de 2021 da que non recibiu resposta.

No *Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela*, do ano 1988, no artigo 7, especificase que os servizos da Oficina de Información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e a información á poboación dos seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación. O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

No artigo 8, en relación coas empresas privadas, dise que os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego, aínda que a súa finalidade esixa tamén a redacción noutra lingua.

Por poñer un exemplo, o servizo de atención telefónica de Viaqua pese a ter inicialmente unha opción de atención con mensaxes gravadas en bilingüe castelán-galego, cando deriva á atención persoal afirman non entender o galego, o que obriga a mudar de lingua para poder resolver as incidencias.

Outros exemplos son a sinalización do aparcadoiro da contorna da escola infantil de Conxo que prohibe o aparcamento “*en toda la plaza*” [sic] ou no carril bici da avenida de Asturias, que non utilizan o galego nas indicacións.

Incúmprese, así mesmo, este regulamento na elaboración de documentación e

informes técnicos e administrativos e en actividades programadas polo Concello de Santiago, tanto internos como externos baixo encargo, o que supón un retroceso importante para avanzar na normalización do idioma propio da Galiza.

Por outra parte, obsérvase con excesiva frecuencia nos textos emanados do propio concello unha mellorábel corrección lingüística, con documentación que probabelmente se traduza automaticamente (un recurso importante ao dispor da administración) mais sobre a que non existe unha revisión posterior, unha situación sobre a que é posíbel intervir para mellorar a calidade da escrita. Na mesma liña, foron diversas as peticións para utilizar unha linguaxe inclusiva máis democrática, acordes cos tempos en que vivimos, un aspecto que tamén podería mellorarse cunha instrución interna ao conxunto do persoal municipal e, de maneira especial, na información da propia web municipal.

Cómpre lembrar que os poderes públicos teñen o mandato democrático de promoveren o uso do galego, tal como consta no Estatuto de Autonomía, na Lei de Normalización Lingüística e no desenvolvemento normativo e regulamentario da lingua galega.

Transcorridos 34 anos, o Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela merece unha actualización.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Goberno local realizará as xestións necesarias para recordarlle ao persoal municipal o contido no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, ademais de fornecer os recursos necesarios para mellorar a súa competencia e calidade lingüísticas e ditará unha instrución para que se cumpra a utilización dunha linguaxe inclusiva.

2.- O Goberno local esixiralles ás empresas concesionarias de servizos públicos que garantan a atención e comunicación en galego para as persoas usuarias e o público de Santiago de Compostela.

3.- O Goberno local enviaralle a todo o persoal unha circular da Alcaldía co regulamento e con instrucións concretas para que se cumpra en aspectos como a atención ao público, a documentación dos expedientes, as publicacións en plataformas estatais, a contratación administrativa e a implantación da administración electrónica.

4.- O Goberno local entregaralle a todo o persoal de novo ingreso, temporal ou indefinido, o Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela coas devanditas instrucións no momento de asinar o contrato ou tomar posesión.

5.- Aprobarase un modelo de avaliación de competencias lingüísticas actualizado e rigoroso para incluír en todas as convocatorias de contratación de persoal, fixo e temporal.

6.- Incluíranse sistematicamente nos plans de formación para o persoal municipal accións cos seguintes contidos: actualización e mellora das competencias lingüísticas xerais e directrices sobre linguaxe administrativa.

7.- O Goberno local realizará unha auditoría sobre o cumprimento das normas de uso da lingua en todo o Concello nun prazo máximo dun ano.

8.- O Goberno local elaborará un novo regulamento de uso da lingua máis completo, detallado e actualizado que o vixente.

9.- O Goberno local dotará de máis recursos económicos e de persoal o Departamento de Lingua Galega.

MOCIÓN PARA DESIGNAR CO NOME DE LUZ FANDIÑO A PRACIÑA DA PONTE DO SAR E CELEBRAR O 8 DE MARZO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para designar co nome de Luz Fandiño a praciña da Ponte do Sar, ademais de facer un acto este 8 de marzo para recoñecer a súa traxectoria e celebrar o Día das mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Luz Fandiño é unha poeta e activista social que naceu en 1931 no barrio do Sar. Cumpriu xa, por tanto, os 90 anos de idade. Goza dun importante recoñecemento social, sobre todo entre a poboación máis nova, pola súa vitalidade e inconformismo.

En 1952 emigrou a Arxentina e en 1964 a Francia, para retornar a Santiago de Compostela en 1979, despois da ditadura franquista.

Como escritora colabora en diversos medios, entre os que destaca a Radio Galega, en publicacións periódicas e tamén nas Redes Escarlata, Mulheres Trasgredindo e Mar de Tinta. É autora de obras como *Espiñas e pensamentos*, *Faragullíña* e *O pracer de envelhecer*. Entre as obras colectivas destacan *Xuro que nunca volvei pasar fame*, *150 Cantares para Rosalía de Castro* e *Verbo na arria. Homenaxe literaria a Xohan Xesús González*. Foi galardoada en 2018 coa distinción Mestres da Memoria, outorgada pola sección de literatura de tradición oral da AELG.

Na actualidade mantén o seu afán de transmitirles ás xeracións máis novas o compromiso en defensa da lingua galega, do feminismo e das liberdades sociais, pois é frecuente a súa participación en actos públicos e os seus alegatos en contra da inxustiza e a prol dos dereitos das mulleres.

En 2020 estreouse o filme “A poeta analfabeta”, dirixido por Sonia Méndez, sobre a súa actividade como escritora e compromiso coa xustiza social.

O BNG xa trasladou ao Pleno e á Comisión de Condecoracións a necesidade de designar con nomes de mulleres espazos públicos e rúas de Santiago de Compostela, co obxectivo de corrixir a desigualdade existente e fomentar a creación de referentes femininos. Entre eses nomes xa figuraba o da poeta Luz Fandiño.

Deste xeito, o grupo municipal nacionalista defendeu en diversas ocasións propostas de designación de rúas, parques, prazas e outros espazos públicos atendendo a criterios de nomes que deben axudar a construír unha conciencia social xusta, respectuosa cos dereitos humanos, con valores democráticos, da historia da cidade e de recoñecemento do pobo galego. Este é o caso que se pode exemplificar en Luz Fandiño, unha escritora e activista social, á que a institución municipal debe un

recoñecemento.

Como activista feminista, propónse aproveitar as celebracións do 8 de marzo para realizar un acto público sobre a súa figura con raíces claramente compostelás e, así, contribuír a difundir a súa obra.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago de Compostela realizará un acto de recoñecemento arredor do 8 de marzo de 2022 á escritora Luz Fandiño para designar co seu nome a praciña da Ponte do Sar.

2.- O Concello de Santiago de Compostela colaborará cos colectivos feministas na organización de actos e mobilizacións que se convoquen arredor da celebración do 8 de marzo.

MOCIÓN SOBRE A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE REPARACIÓN E POSTA A PUNTO DOS PARQUES INFANTÍS MUNICIPAIS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o mandato no que o Partido Popular estivo á fronte do Goberno municipal, realizouse unha auditoría sobre as máis de 70 áreas de xogo existentes nos parques infantís do termo municipal, para determinar o seu estado de conservación e conforme a ela elaborouse unha relación de traballos de reparación e adaptación á normativa vixente das áreas de xogos infantís. Esa relación serviu de base para ir desenvolvendo distintas actuacións durante os dous mandatos anteriores.

Transcorrida case unha década, e malia que a normativa vixente obriga á renovación anual da certificación do seu cumprimento, resulta evidente -á vista da situación de varias destas instalación- que se fai necesario proceder a facer novamente unha análise integral destes espazos, onde a hixiene, a seguridade e a accesibilidade deben estar plenamente garantidas.

Un simple percorrido por algúns dos parques -como o que nós temos realizado e do que achegamos algunhas testemuñas gráficas como anexo- permite constatar esta necesidade. Entre algúns dos que presentan deficiencias máis acusadas podemos citar: o parque dos Agros de Ramírez (nas proximidades da Praza Roxa), co solo de caucho estragado; o parque da Praza de León (en Pontepedriña), cun solo de area en pésimas condicións), o de Ponte Pereda, co mesmo problema no solo e con varios estragos nos seus arredores; o parque do Castiñeiriño, con problemas de seguridade e accesibilidade e cunhas obras de mellora reiteradamente anunciadas desde 2019; ou o parque da Muíña, onde se fai preciso unha mellora -mesmo cunha nova pista polivalente que amplíe a escasa dotación actual- que lle dea resposta ao crecemento e ao consecuente aumento das necesidades para o lecer e a actividade física da poboación infantil e do conxunto da veciñanza.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno insta ao corresponde órgano do Goberno local a que proceda a realizar, conforme a unha auditoría previa, un programa de reparacións e posta a punto da totalidade dos parques infantís municipais, que inclúa a valoración das actuacións e calendario previsto, para mellorar as súas condicións e garantir o cumprimento das medidas hixiene, seguridade, accesibilidade e inclusión deste tipo de instalacións.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA REPROBAR AO SERGAS POR CAUSA DA DESATENCIÓN ÁS PERSOAS PACIENTES NO HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tal e como recolleron algúns medios da comunicación social, durante os últimos meses a situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo non fixo mais que agravarse e empeorar notablemente. Unha dinámica que xa ven de atrás mas que durante esta longa pandemia e crise da covid-19 no fixo máis que agudizarse ata volverse insostible do punto de vista dos dignidade e dereitos humanos. Así, durante o pasado ano de 2021 foi especialmente intenso en canto a chamadas de atención sobre a situación deste centro hospitalario, sen que a administración galega reaccionara correctamente.

Xa, hai un ano, no mes de xaneiro de 2021, o Movemento Galego Pola Saúde Mental denunciaba a situación deste Hospital durante a pandemia e o ano 2020 e nun momento de máxima gravidade da mesma. Transparentando situacións como a da unidade “somática” onde, naquela altura, se tiñan contaxiadas todas as persoas pacientes ingresadas nela, sendo varios deles derivados ao CHUS por causa. Denunciando tamén a ‘falsidade’ dun suposto plan específico de continxencia que a Xerencia da Área Sanitaria de Santiago afirmou ter posto en marcha mais que nunca tal se fixo e sendo o esforzo das e dos traballadores públicos quen lle fixo fronte á situación.

No mes de marzo, o tema foi debatido no Parlamento de Galicia onde se aprobou por unanimidade unha moción instando á Xunta a asumir o informe, realizado no 2018, polo Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura (MNP) -que no Estado español exerce o *Defensor del Pueblo* no marco da Convención das Nacións Unidas contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes do ano 1984- para tomar as medidas necesarias para reverter “en seis meses”, os graves problemas detectados polo ‘Defensor del Pueblo’ nunha visita sorpresa ao centro en 2017. Aínda así, non foi ata o verán que, por fin, o Sergas inspeccionou o psiquiátrico de Conxo, un mes despois da segunda visita sorpresa do MNP ao centro e pasados xa catro anos dende que este mecanismo sinalara estas eivas que o Parlamento pediu solucionar ata en tres ocasións.

Resultado desta segunda visita foi un novo e contundente informe que incluía entre as

súas alertas aspectos como trato discriminatorio ás mulleres ingresadas, un caso de violencia sexual tratado de xeito inadecuado -segundo o organismo- e diversas irregularidades máis, concretadas en 17 recomendacións non tiveron resposta por parte das autoridades sanitarias galegas.

Xa en novembro, nunha sesión parlamentaria, o PP afirmou que o Sergas tiña realizada unha auditoría sobre este Hospital no mes de agosto de 2021. O contido dese documento non foi feito público, mais o xornal dixital Praza.gal puido acceder a el a través dunha petición ao abeiro da lei de transparencia, aínda que foi precisa unha intervención da Valedora do Pobo na súa condición de responsable da Comisión de Transparencia. Finalmente non se trataba dunha auditoría senón dun informe de apenas catro páxinas produto dunha inspección interna, e non dunha auditoría externa tal e como reclamaba o Parlamento. Neste documento o propio Sergas recoñece algunhas das eivas denunciadas a respecto de contencións mecánicas, medicacións e deficiencias materiais das instalacións.

Segundo consta neste documento, asinado con data de 13 de setembro, non foi ata o 4 de agosto de 2021 cando a Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade solicitou á Xerencia do Sergas en Santiago información sobre o psiquiátrico de Conxo. Solicitando unha listaxe de pacientes ingresados a xullo de 2021, de profesionais sanitarios de saúde mental que traballasen no centro, os protocolos de actuación ante pacientes axitados, así como un rexistro de seguimento de aplicación de medidas de contención mecánica. Trasladou o Hospital unha relación de 198 persoas ingresadas das que a inspección seleccionou unha mostra de 39, entre elas 10 dos 17 que foran obxecto de contención mecánica. Sobre o persoal traballador do centro, indicou que non dispón de información sobre os facultativos" con formación regrada e rexistrada como cursos específicos en técnicas de contención verbal.

O traballo de inspección completouse o 3 de setembro cunha visita ao psiquiátrico para avaliar *in situ* diferentes aspectos en relación coas medidas de contención aos pacientes quedando acreditado que o psiquiátrico non dispón dun protocolo propio do centro sobre contención e que se rexe polo xeral da área sanitaria ao respecto. Alén das contencións, o informe sinala unicamente outros dous aspectos, que o centro non dispón dunha normativa escrita que regule a saída dos pacientes, e que se observaron certas deficiencias nas condicións do edificio, rematando o informe co de continuar coa rehabilitación das demais unidades en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago manifesta a súa reprobación da Xerencia da Área Sanitaria de Santiago por causa da súa xestión no Hospital Psiquiátrico de Conxo e insta á Xunta de Galicia a cumprir co mandato parlamentario de tomar medidas para reverter as deficiencias indicadas polo Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPULSAR A COLABORACIÓN INSTITUCIONAL ENTRE O CONCELLO E A XUNTA PARA RESOLVER OS PROBLEMAS DERIVADOS DAS OBRAS DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO EN CONXO E NA AVENIDA DE LUGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 15 de febreiro do ano 2017, o alcalde de Santiago, Martiño Noriega; a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez; o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro; asinaban o protocolo de colaboración para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago no termo municipal de Compostela. Con aquela sinatura e colaboración, Concello e Xunta recoñecían que o acondicionamento dos tramos composteláns das distintas rutas xacobeas era unha materia pendente, e que deberían ser moitas as actuacións executadas de cara o Ano Santo de 2021.

A colaboración e o consenso institucional promovido polo goberno de Compostela Aberta conseguía que se destinara unha cifra inicial de 4,2 millóns de euros -que finalmente alcanzará os 10 millóns- á mellora dos tramos composteláns das distintas rutas xacobeas. Segundo o acordo inicial, a Xunta encargaríase de redactar os proxectos e de executar as obras, mentres que o Concello colaboraría na tramitación administrativa, posta a disposición dos terreos e reposición de servizos. O obxectivo que se marcaban ambas administracións era que as obras estiveran executadas no ano 2020.

En concreto, as actuacións centraríanse no Camiño Francés, no tramo que vai dende a baixada do Monte do Gozo á capela de San Lázaro; e despois nas rúas das Fontiñas, Fonte de Concheiros e Concheiros, xa no barrio de San Pedro, especialmente na reordenación do cruce coa avenida de Lugo e Rodríguez de Viguri. Tamén se contemplaban melloras no Camiño Inglés, no tramo que vai polo Polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca. A última das actuacións incluídas no protocolo de colaboración sería no Camiño Portugués, na chegada desde Vidán ata o Mosteiro de Conxo e á rotonda sobre a SC-20.

A partir deste acordo, é ben coñecida a desastrosa execución das obras da rúa dos Concheiros por parte do Concello de Santiago, así como os graves prexuízos que isto conlevou, afectando á cidadanía e á veciñanza do barrio de San Pedro. Mais tamén é vox populi que as obras que fixo directamente a Xunta de Galicia distan moito de ter sido executadas con corrección e por iso nos Plenos ordinarios de xuño e de xullo do pasado ano 2021 o grupo municipal de Compostela Aberta quixo debater e colocar o foco nas obras do Camiño Francés e nas do Camiño Portugués, aprobándose por unanimidade o seguinte acordo referido á obras de Conxo:

1. Instar ao goberno local a establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos co fin de recoller todas as posibles queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño portugués no barrio de Conxo.

2. Instar ao goberno local e á Xunta de Galicia a colaborar institucionalmente para resolver todas as posibles queixas e eivas da veciñanza, co fin de que sexan consideradas, e se fose o caso, incorporadas no deseño final no mínimo prazo posible. E ao mes seguinte aprobándose este outro acordo, desta vez só cos votos a favor de CA e BNG e coas abstencións do PSOE e do PP:

- 1. Instar ao goberno local a informar das modificacións de mobilidade que se preven no ámbito e elaborar unha planificación e plan de mobilidade para o barrio de San Pedro que sexa participado e que conte coa opinión da veciñanza.*
- 2. Instar ao goberno local a elaborar un plano de axudas específico para o comercio e hostalería do barrio, afectado polas obras e polo seu prolongamento no tempo.*
- 3. Instar ao goberno local a establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos para realizar unha auditoría cidadá que recolla todas as queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño Francés no barrio de San Pedro e entrada da cidade.*
- 4. Instar ao goberno local e á Xunta de Galicia a colaborar institucionalmente para resolver todas as queixas e eivas recollidas nesa auditoría cidadá, para que sexan solventadas no mínimo prazo posible.*

A pesar das dubitativas posicións de voto do grupo do PSOE neses dous Plenos, nas últimas semanas téñense escoitado as críticas de diferentes membros do grupo de Goberno en relación á execución das obras de mellora dos Camiños, fundamentalmente das que lle afectan ao Camiño Francés. Así, nunha recente comparecencia diante dos medios de comunicación, o concelleiro de Obras, Javier Fernández, recoñecía o malestar do goberno polas obras da Avenida de Lugo, e queixábase de que a oposición municipal centrara as súas críticas na actuación que é responsabilidade municipal en Concheiros, e non preguntara polo desenvolvemento dos traballos no Camiño Francés. O edil chegaba a afirmar que este era un tema que se debería tratar no Parlamento de Galicia, para que se puideran transmitir alí as queixas da veciñanza. Na mesma liña tamén se ten pronunciado en diferentes medios de comunicación o portavoz do grupo de Goberno, Sindo Guinarte, mesmo hai escasos días nunha tertulia radiofónica cos voceiros da oposición na que denunciaba que a Xunta acumulaba máis dun ano de atraso na execución das obras do Camiño Francés, un argumento que tamén teñen traslado outros membros do Goberno como o concelleiro Rubén Prol.

Sobre as obras de Conxo, son coñecidas as queixas da veciñanza en relación á remodelación da praza. Máis alá do seu descontento con algúns acabados da obra, nas últimas semanas expresaron tamén o seu malestar polas deficiencias na drenaxe que quedaron en evidencia coas últimas chuvias. Estas protestas tiveron a súa resposta por parte da Xunta de Galicia a través dun medio de comunicación, no que aseguraron que as citadas deficiencias son atribuíbles a un mal mantemento por parte do Concello de Santiago.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago co obxectivo de dar cumprimento aos acordos plenarios de xuño e de xullo de 2021 insta tanto ao goberno local como á Xunta de Galicia a:

1. Establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos para recoller todas as queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño Francés, no barrio de San Pedro; do Camiño Portugués, no barrio de Conxo; así como as que

puideran existir derivadas das obras do Camiño Inglés.

2. Colaborar institucionalmente para resolver todas esas queixas e eivas recollidas nesa auditoría cidadá, para que sexan solventadas no mínimo prazo posible.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA E PARA A REPROBACIÓN Á XERENCIA SANITARIA DA ÁREA DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A sanidade pública e universal é unha das maiores conquistas sociais da historia da humanidade, no noso país, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) é o organismo da Xunta de Galicia que está a cargo da asistencia sanitaria pública desde 1989 e quen está sufrindo, actualmente, un paulatino desmantelamento e merma da súa dotación, fundamentalmente de recursos humanos. Durante toda a etapa do goberno Feijóo a sanidade pública galega foi un dos sectores máis duramente golpeados polas políticas neoliberais impostas desde o goberno galego e que tentan ser camufladas detrás de grandes letreiros en maiúsculas coas palabras HOSPITAL PÚBLICO que se foron instalando nos centros hospitalarios nos últimos anos.

Mais detrás desa cartelaría e propaganda aniña un tecido social de defensa da conquista da sanidade pública e da dignidade tanto das persoas traballadoras como das pacientes e resto de usuarias. Protestas e reivindicacións da Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, da Plataforma SOS Sanidade Pública, das Enfermeiras eventuais en loita, Asociacións de Pacientes e usuarios dos servizos médicos, a Asociación Médicos Unidos polos seus Dereitos, Facultativos Eventuais Galegos en Loita,... ao que se lle unen os sindicatos de clase, os diferentes colexios profesionais e un longo etcétera de colectivos e plataformas de ámbito comarcal para a defensa dos centros de saúde e de determinados servizos que a administración galega tenta eliminar.

Toda esta marea de protestas evidencia o sentir social do enfraquecemento da sanidade pública nos últimos anos por parte do goberno Feijóo sendo a Atención Primaria un dos servizos máis golpeados. A Atención Primaria ofrecida na rede de Centros de Saúde galegos é o único ámbito sanitario que o goberno Feijóo sempre lle dedicou un orzamento menor do que chegou a ter co goberno anterior bipartito. Así, dos 1.436,8 millóns de euros orzamentados no 2009, Feijóo recortou ata 1.139,4 no ano 2015, para alcanzar os 1.389,09 neste ano 2022 despois de sufrir un novo recorte dun -0,2% ao estar dotada inicialmente con dous millóns menos que o pasado ano de 2021. Mais os retrocesos da atención primaria non ficaron só no plano orzamentario, en materia de persoal as asociacións profesionais calculan que serían necesarias 1.000 novas contratacións máis para conseguir recuperar o persoal recortado nesta etapa Feijóo. Un bo exemplo, por desgraza, témolo na nosa cidade onde recentemente se están a articular as protestas para que se recupere o servizo de pediatría a tempo completo no Centro de Saúde de Galeras, ao non repor o SERGAS o servizo despois da xubilación da pediatra deste centro. Un caso similar ao que se viviu hai uns anos no Centro de Saúde de Conxo onde tamén despois dunha xubilación a Xunta tentou recortar este servizo e atender ás crianzas e familias desde

o ambulatorio no Ensanche.

Tamén na nosa comarca, temos o caso do Hospital Clínico Universitario que neste mesmo ano baixou do posto 31 que ocupaba en 2016, ao posto 65 no 2020 no Monitor de Reputación Sanitaria, un ranking que avalía a calidade e reputación da sanidade pública nos hospitais de todo o Estado español. Un estudo independente elaborado mediante case oito mil enquisas a persoal sanitario, así como a pacientes, xornalistas, xerentes de hospitais, persoal xestor de enfermería, membros membros da administración pública sanitaria, responsables de farmacia hospitalaria e directivos de empresas e analízanse máis de 2853 indicadores obxectivos específicos de 2704 servizos clínicos.

Cada ano é avaliada a calidade e reputación da sanidade pública nos hospitais de todo o Estado español mediante os estudos realizados polo denominado Monitor de Reputación Sanitaria (MRS) que elaboran un ranking. Leváanse a cabo perto de oito mil enquisas a persoal sanitario -médicos/as, enfermeiros/as - así como a pacientes, xornalistas, xerentes de hospitais, persoal xestor de enfermería, membros membros da administración pública sanitaria, responsables de farmacia hospitalaria e directivos de empresas e analízanse máis de 2853 indicadores obxectivos específicos de 2704 servizos clínicos. Unha degradación dos servizos hospitalarios que ademais é acompañada dunha degradación de toda a contorna urbanística do propio Complexo Hospitalario, do que a mellor mostra é a negativa do SERGAS e Xunta a que a ampliación do Hospital contemple a necesaria construción dunha nova área de aparcadoiro, que evite que se agraven os problemas de estacionamento e mobilidade que xa presenta a día de hoxe o CHUS.

Ao que hai que engadir tamén a persecución e a tentativa de silenciar calquera voz crítica ou disidente como é o caso da doutora Fátima Nercellas quen se está a enfrontar actualmente a un expediente disciplinario por trasladar a un enfermo grave do corredor de urxencias a unha zona máis acaída. Unha profesional con un expediente de máis de 30 anos de servizo que está sometida a unha persecución por parte da xerencia simplemente por querer mellorar a atención das e dos pacientes do CHUS.

Tanto a situación da Atención Primaria como situación hospitalaria, ambas a día de hoxe, integradas da mesma xerencia da Área de Santiago, merecen a reprobación do Pleno da Corporación municipal por degradar e desmantelar un servizo público esencial na nosa comarca. En liña coas políticas de Feijóo que ademais coa excusa da covid-19 están a acelerarse. Unha degradación que non vai a máis grazas ao esforzo de todo o persoal traballador da sanidade pública que colocando as súas propias vidas en risco, dobrando turnos ou levando ao límite as súas situacións persoais recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía ao labor desenvolvido en durísimas condicións. Todas estas trabas e barreiras de acceso á Atención Primaria favorecen a privatización da mesma posto que implican unha fuxida das persoas con rendas máis elevadas para os seguros privados, que na actualidade xa supoñen un 20% da poboación.

Unha política do goberno de Feijóo baseada nos recortes e no desmantelamento da Sanidade Pública, na contratación en precario do persoal sanitario, de recortes nos orzamentos destinados á atención primaria, co desmantelamento das estruturas directivas de primaria, da soberbia sen escoitar as/os profesionais que denunciaban esta situación, e que esixen poder traballar en condicións dignas, na negativa a incorporar novos profesionais á atención primaria para garantir unha atención sanitaria

integral. Un goberno máis preocupado polo populismo xestionando a sanidade a golpe de carteis e titulares de prensa. É o goberno das fileiras de xente na rúa para poder acceder aos Centros de Saúde, o goberno das múltiples chamadas telefónicas para que te atendan, o goberno das listas de espera de días ou semanas, incompatibles coa Atención Primaria, que colapsan os PACs e as urxencias hospitalarias e favorecen a privatización. O goberno do peche dos Centros de Saúde periféricos que discrimina á poboación rural, dispersa e máis envellecida, afastándoa da asistencia. da consulta telefónica e telemática como eixo da asistencia, en detrimento da presencial, por que pon en risco a saúde e xera desigualdade para a xente maior. O goberno do recorte de persoal e a situación de inestabilidade e precariedade laboral do persoal dos Centros de Saúde.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago:

1. Manifesta a súa reprobación da Xerencia da Área Sanitaria de Santiago por causa da súa xestión no Hospital Clínico Universitario de Santiago, por causa das tentativas de desmantelamento da Atención Primaria na nosa cidade e polos casos de represión contra o persoal sanitario que defende a calidade e dignidade deste servizo público.

2. Manifesta o seu apoio a todas as persoas e colectivos que defenden a dignidade e o mantemento da sanidade pública galega, así como a súa solidariedade contra as tentativas de represalia ou coacción por defender este servizo público básico e esencial.

3. Insta á Xunta de Galicia a cesar nas políticas de privatización do SERGAS e desmantelamento da sanidade pública galega, e moi especialmente a repor todos os servizos e persoal da Atención Primaria da Área de Santiago, así como nos servizos do Hospital.

MOCIÓN DE URXENCIA DOS GRUPOS MUNICIPAIS POPULAR, COMPOSTELA ABERTA E BNG SOBRE A DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO RELATIVO AO CICLO INTEGRAL DA AUGA

Os grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico Municipal, presentan a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno da Corporación ten expresado en diversas ocasións -con inclinacións e convencementos de intensidades e orientacións diversas- a súa vontade de determinar a mellor forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga.

Nese sentido, o artigo 123 da Lei de Bases de Réxime Local sinala claramente que lle corresponde ao Pleno “a determinación das formas de xestión dos servizos”. Así, só no caso de que a forma de xestión escollida fose a indirecta a competencia -para a aprobación dos expedientes de contratación, dos procedementos de adxudicación e a súa resolución- corresponderíalle a Xuntade Goberno Local.

O certo é que a preferencia escollida no seu día polo Concello, en favor dunha xestión indirecta, non pode entenderse petrificada ou amparada por unha cláusula de intanxibilidade. Vencido o actual contrato, o Pleno ten todo o dereito de determinar novamente cal é a mellor forma de xestión. Só no caso de que se conclúise que a mellor forma de xestión é a indirecta, a Xunta de Goberno Local podería desenvolver as súas propias competencias.

Malia que o Pleno ten expresado e reiterado este mesmo luns a súa vontade de determinar a mellor forma de xestión, a Xunta de Goberno segue dando pasos na tramitación dun expediente de licitación cuxa oportunidade o Pleno quere valorar previamente.

Por todo o anterior, e ao amparo do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, os grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego, presentan a seguinte proposta de

ACORDO

Primeiro.- Expresar a vontade de que o Pleno determine a forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga.

Segundo.- Instar aos correspondentes órganos do Concello a respectar tal vontade e a convocar coa maior urxencia -a fin de non prolongar a orde de continuidade do actual servizo- a correspondente comisión na que se lle ofrezca a unha representación proporcional do Pleno o apoio e o asesoramento técnico a fin de estudar, valorar e propor a mellor forma de xestión.

Terceiro.- Instar á Xunta de Goberno Local a non aprobar o procedemento de licitación de tal servizo ata que, coa maior urxencia posible, o Pleno determine a forma de xestión.

MOCIÓN DE URXENCIA CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA DEIXAR CONSTANCIA DO APOIO AO GRUPO MUSICAL TANXUGUEIRAS

O grupo musical galego Tanxugueiras atópase actualmente na cidade de Benidorm participando no Benidorm Fest, festival que decidirá, a través do voto do xurado profesional, o voto demoscópico e o voto popular, o representante do noso país no festival de Eurovisión.

Tanto pola calidade musical da canción Terra, como por ser o primeiro tema cantado en todas as linguas cooficiais do estado, empregando fundamentalmente a nosa lingua galega, que ten opcións de participar nun festival internacional, levando as nosas raíces musicais por toda Europa.

Pola boa acollida deste tema entre o público nacional e internacional e a crítica especializada; polo homenaxe que rende a todas as nais, as avoas e ás mulleres que mantiveron viva a nosa tradición oral, a nosa música e a nosa cultura; pola mensaxe de empoderamento feminino e de modernidade do noso país, Galicia, que transmite unha imaxe de pluralidade do que significa España, o Pleno da Corporación solicita a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno da Corporación manifesta o seu apoio expreso ao grupo musical Tanxugueiras con motivo da súa participación no Benidorm Fest e a súa posible participación no Festival de Eurovisión.

Foron presentadas emendas a algunhas das mocións transcritas, e as aceptadas xa aparecen recollidas nos acordos adoptados.

Con relación á moción presentada polo grupo municipal do BNG, para mellora da mobilidade, da seguranza viaria e da reurbanización do barrio de Salgueiriños, á que presentou emenda o grupo municipal do PP, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda realizar, conforme ás dispoñibilidades orzamentarias, unha intervención para a mellora da mobilidade, e da seguranza viaria do barrio de Salgueiriños, co fin de ofrecer unha continuidade nas zonas de tránsito peonil e de compatibilizar os usos da veciñanza cos accesos aos vehículos de emerxencias do futuro parque de bombeiros.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG, para fomentar o uso da lingua galega na administración local, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG, e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que:

1.- O Goberno local realizará as xestións necesarias para recordarlle ao persoal municipal o contido no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, ademais de fornecer os recursos necesarios para mellorar a súa competencia e calidade lingüísticas e ditará unha instrución para que se cumpra a utilización dunha linguaxe inclusiva.

2.- O Goberno local esixiralles ás empresas concesionarias de servizos públicos que garantan a atención e comunicación en galego para as persoas usuarias e o público de Santiago de Compostela.

3.- O Goberno local enviaralle a todo o persoal unha circular da Alcaldía co regulamento e con instrucións concretas para que se cumpra en aspectos como a atención ao público, a documentación dos expedientes, as publicacións en plataformas estatais, a contratación administrativa e a implantación da administración electrónica.

4.- O Goberno local entregaralle a todo o persoal de novo ingreso, temporal ou indefinido, o Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela coas devanditas instrucións no momento de asinar o contrato ou tomar posesión.

5.- Aprobarase un modelo de avaliación de competencias lingüísticas actualizado e rigoroso para incluír en todas as convocatorias de contratación de persoal, fixo e temporal.

6.- Incluíranse sistematicamente nos plans de formación para o persoal municipal accións cos seguintes contidos: actualización e mellora das competencias lingüísticas xerais e directrices sobre linguaxe administrativa.

7.- O Goberno local realizará unha auditoría sobre o cumprimento das normas de uso da lingua en todo o Concello nun prazo máximo dun ano.

8.- O Goberno local elaborará un novo regulamento de uso da lingua máis completo, detallado e actualizado que o vixente.

9.- O Goberno local dotará de máis recursos económicos e de persoal o Departamento de Lingua Galega.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para designar co nome de Luz Fandiño a praciña da Ponte do Sar e celebrar o día 8 de marzo, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada, e así mesmo, presentou transaccional o grupo municipal do BNG, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que:

1.- O Concello de Santiago de Compostela eleve ao Consello Asesor de Condecoracións -que se reunirá na primeira quincena do mes de febreiro de 2022- o nome da escritora Luz Fandiño para os efectos de determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen a designación co seu nome da praciña da Ponte do Sar e realizar, de se aprobar esta designación, un acto de recoñecemento a escritora arredor do 8 de Marzo.

2.- O Concello de Santiago de Compostela colabore cos colectivos feministas na organización de actos e mobilizacións que se convoquen arredor da celebración do 8 de marzo.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a realización dun programa de reparación e posta a punto dos parques infantís municipais, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA E 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao corresponde órgano do Goberno local a que proceda a realizar, conforme a unha auditoría previa, un programa de reparacións e posta a punto da totalidade dos parques infantís municipais, que inclúa a valoración das actuacións e calendario previsto, para mellorar as súas condicións e garantir o cumprimento das medidas de hixiene, seguridade, accesibilidade e inclusión deste tipo de instalacións.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA para reprobar ao SERGAS por causa da desatención ás persoas pacientes no Hospital Psiquiátrico de Conxo, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda manifestar a súa reprobación ás situacións denunciadas e instar á Xunta de Galicia a cumprir co mandato parlamentario de tomar medidas para reverter as deficiencias indicadas polo Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA para impulsar a colaboración institucional entre o concello e a Xunta para resolver os problemas derivados das

obras dos camiños de Santiago en Conxo e na Avda. de Lugo, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda, co obxectivo de dar cumprimento aos acordos plenarios de xuño e de xullo de 2021, instar tanto ao Goberno local como á Xunta de Galicia a:

1. Establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos para recoller todas as queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño Francés, no barrio de San Pedro; do Camiño Portugués, no barrio de Conxo; así como as que puideran existir derivadas das obras do Camiño Inglés.

2. Colaborar institucionalmente para resolver todas esas queixas e eivas recollidas nesa auditoría cidadá, para que sexan solventadas no mínimo prazo posible.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA en defensa da sanidade pública galega e para reprobación á xerencia sanitaria da Área de Santiago, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE, que foi transaccionada por CA, e tras ser aceptada a transaccional, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda:

1. Manifestar a súa reprobación ao desmantelamento da Atención Primaria na nosa cidade por parte da Xunta de Galicia e amosar o seu apoio ao persoal sanitario que defende a calidade e dignidade deste servizo público.

2. Manifestar o seu apoio a todas as persoas e colectivos que defenden a dignidade e o mantemento da sanidade pública galega, así como a súa solidariedade contra as tentativas de represalia ou coacción por defender este servizo público básico e esencial.

3. Instar á Xunta de Galicia a cesar nas políticas de privatización do SERGAS e desmantelamento da sanidade pública galega, e moi especialmente a repor todos os servizos e persoal da Atención Primaria da Área de Santiago, así como nos servizos do Hospital.

Con respecto á moción de urxencia presentada polos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego sobre a determinación da forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

Primeiro.- Expresar a vontade de que o Pleno determine a forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga.

Segundo.- Instar aos correspondentes órganos do concello a respectar tal vontade e a convocar coa maior urxencia -a fin de non prolongar a orde de continuidade do actual servizo- a correspondente comisión na que se lle ofrezca a unha representación proporcional do Pleno o apoio e o asesoramento técnico a fin de estudar, valorar e propor a mellor forma de xestión.

Terceiro.- Instar á Xunta de Goberno Local a non aprobar o procedemento de licitación de tal servizo ata que, coa maior urxencia posible, o Pleno determine a forma de xestión.

Con respecto á moción de urxencia conxunta de todos os grupos políticos municipais de apoio ao grupo musical Tanxugueiras, o Pleno da Corporación por unanimidade, manifesta o seu apoio expreso ao grupo musical Tanxugueiras con motivo da súa participación no Benidorm Fest e a súa posible participación no Festival de Eurovisión.

O Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as 18:37 horas. Dou fe.